

Lee con atención o seguinte documento. Utiliza a información do mesmo e a complementaria que procures na rede para responder as cuestións finais.

18 internacional

TERZA FEIRA 07 DE MARZO DE 2023 NÓS DIARIO

O incendio no principal campamento de refuxiados do pobo rohingya profunda nunha situación crítica, pouco despois de que a ONU reducira por falta de fondos a axuda alimentaria e sen posibilidades de volver a Myanmar por mor da ditadura militar.

Texto André Mauricio + Foto Sahat Zia

Miles de rohingya tentan sobrevivir após o incendio no maior campo de refuxiados da terra

Situación crítica en Bangladesh polo fogo declarado no campo de Cox's Bazar, onde subsisten máis de un millón de rohingya

A arredor de 12.000 refuxiados rohingya víronse afectados polo incendio do domingo no campo 11 do campamento de refuxiados de Cox's Bazar, en Bangladesh -ao leste da India-, que xerou "danos considerábeis en partes significativas do campo de refuxiados máis grande do mundo", informou onte a Organización Internacional para as Migracións (OIM). Até 1,2 millóns intentan sobrevivir en Cox's Bazar despois de sufrir asasinatos en masa en Myanmar.

A primeira alarma do lume saltou ao mediodía, e o incendio avanzou rapidamente por mor "da natureza ategada dos campamentos" e dos "materiais temporais que usamos e que poden incendiarse e estender o lume en pouco tempo", explicou a *Al Jazeera* Regina De La Portilla, voceira na zona da Axencia da Organización das Nacións Unidas para os Refuxiados, Acnur. Ao tempo, a orografía no campo 11 é


moi accidentada, o que dificultou o acceso dos equipos de emerxencia. Cando menos 2.000 refuxiados, xunto ás pertenzas das persoas que subsistían neles, foron destruídos. A OIM comunicou que non se rexistraron vítimas mortais e que aínda non se coñece nin a causa nin a orixe do lume. A meirande parte das cabanas do campamento están feitas de bambú e lona e en cada unha hai arredor de cinco persoas, cando menos a metade da poboación de Cox's Bazar son mulleres e crianzas.

A OIM, responsábel do campamento incendiado, mobilizou equipos de resposta que foron quen de controlar as lapas en tres horas, o que non evitou que amais das cabanas arrasadas, que acollían un terzo da poboación do campo 11, quedaran destruídas 35 mesquitas e 90 centros sanitarios e educativos, afirmou Mijanur Rahman, comisionado para os refuxiados de Bangladesh. Asemade, a entidade da Organización das Nacións Unidas (ONU) trata de coordi-

nar a distribución de paquetes ás persoas damnificadas para facer refuxios de emerxencia, compostos por lonas, bambú e cordas. De La Portilla anunciou que foron desprazados 90 traballadores sanitarios refuxiados para ofrecer apoio psicolóxico e primeiros auxilios. A primeira estimación sobre os fondos necesarios para responder ás consecuencias do incendio ascenden a case sete millóns de euros.

Apoio retórico

O lume profundou a situación límite na que se atopan as e os refuxiados rohingya. A Oficina da ONU para a Coordinación de Asuntos Humanitarios revela que máis de 30% das crianzas de Cox's Bazar padece desnutrición crónica, ademais, o "acceso inadecuado a auga potábel ou saneamento de calidade" impulsa os casos de dengue, diarrea, cólera, difteria, sarampo ou varicela, debulla a Organización Mundial da Saúde, todo iso, en paralelo ao feche de calquera opción de volver a Myanmar pola dita-




Zona do campamento de refuxiados de Cox's Bazar, en Bangladesh, afectada polo lume que se iniciou ao mediodía do domingo.

dura no país, capitaneada polo mesmo Exército que lanzou un xenocidio contra os rohingya a mediados de 2017.

A pesar disto, a axuda internacional ao pobo rohingya é cada vez máis cativa. O Programa Mundial de Alimentos da ONU foi incapaz de recadar o financiamento preciso para atender os refuxiados rohingya, este déficit de 117 millóns de euros implicou que desde o comezo de marzo os vales de comida mensual que brinda a institución baixaran de 11,25 euros a 9,37 euros por persoa. Isto é "unha mancha na

OS REFUXIADOS RECIBEN 9,37 EUROS PARA COMER UN MES TRAS OS RECORTES

MÁIS DE 30% DAS CRIANZAS TÉN DESNUTRICIÓN CRÓNICA



Save The Children en Bangladesh, reiterando que a comunidade internacional "non debe dar as costas" aos rohingya, entremetres, Jan Egeland, secretario xeral do Consello Noruegués para os Refuxiados, denunciou que as persoas refuxiadas están a "loitar baixo montañas de débedas sen emprego e sen oportunidades, están cansadas de esperar a que o mundo actúe e cansadas de promesas incumpridas e desesperanza".

Fuxida á desesperada

Perante esta realidade, moitos rohingya intentan fuxir do campamento de refuxiados en precarias embarcacións en dirección a Malaisia ou Indonesia cruzando o mar de Andaman, no que constitúe unha das rutas migratorias máis perigosas do mundo. En 2022, intentárono máis de 3.500 rohingya, o que supón un incremento de 360% con respecto a 2021, case 10% deles morreu ou desapareceu, entre múltiples chamamentos de organizacións internacionais por barcos de rohingya desaparecidos no mar.

No caso dos que fican en Cox's Bazar, Human Rights Watch acusou a Policía de Bangladesh de "extorsionar e deter inxustamente" refuxiados rohingya, que denuncian ao tempo colaboración entre a Policía e os grupos criminais que operan no campamento de refuxiados, pola súa parte o Goberno de Bangladesh nega os feitos nega os feitos.

Investigación por xenocidio

Myanmar está sendo investigado por xenocidio na Corte Internacional de Xustiza pola persecución de rohingya en 2017, cando máis de 25.000 foron asasinados e 740.000 tiveron que fuxir. Unha investigación da ONU reflicte que o Exército actuou con "intención xenocida" e reclamou xulgar entre outros o comandante en xefe das Forzas Armadas, Min Aung Hlaing, que liderou un golpe de Estado en febreiro de 2021 que derivou nunha guerra civil.

conciencia da comunidade internacional", defendeu o relator especial da ONU sobre os dereitos humanos en Myanmar, Tom Andrews, que fixo fincapé en que "reverter estes recortes na axuda alimentaria é literalmente unha cuestión de vida ou morte para as familias rohingya".

Andrews incidiu en que moitos Estados membros da ONU ofreceron "apoio retórico", pero os rohingya "non poden comer retórica política", o "impacto destes recortes será catastrófico e duradeiro"; o que confirman testemuños das persoas refu-

xiadas como Rahela Begum, que admite que non sabe se o seu fillo enfermo e desnutrido poderá sobrevivir nestas circunstancias.

Nese sentido, 12 grupos civís rohingya destacaron que estes recortes implicarán un aumento do "traballo infantil, tráfico de persoas, matrimonio infantil ou prostitución", así como da inseguridade polo tráfico de drogas, que provoca diversos enfrontamentos entre grupos criminais no campo de refuxiados.

Os rohingya "precisan máis apoio, non menos", reclamou Onno Van Manen, director de

Crianza rohingya comproba os danos polo incendio que se desatou o pasado domingo.



O fogo ameaza Cox's Bazar

As difíciles condicións no campamento de refuxiados de Cox's Bazar propician de forma periódica a aparición de incendios. En marzo de 2021, 15 persoas morreron nun lume que obrigou a desprazarse dentro do campamento 45.000 rohingya. En xaneiro de 2022, as lapas afectaron o Centro de Illamento de Tratamento de Infeccións Respiratorias Agudas Severas da OIM. Unha semana máis tarde, arrasaron o campo 16 e deixaron máis de 1.700 rohingya damnificados.

1.200.000

É o número de rohingya que se estima que viven no campo de refuxiados de Cox's Bazar, onde xa residían refuxiados antes do xenocidio de 2017 pola persecución constante en Myanmar.



Incendio no campo 11 do campamento de refuxiados de Cox's Bazar. En tres horas acabou con cando menos 2.000 refuxios e 90 centros sanitarios e educativos.

740.000

Son os rohingya que fuxiron de Myanmar polo xenocidio. O pobo habitaba maioritariamente no norte do Estado de Rakhine, que fai fronteira con Bangladesh.

25.000

Son os asasinatos de membros do pobo rohingya desde o comezo da matanza, no ano 2017, e que foi dirixida polas Forzas Armadas do Estado de Myanmar.

1ª. En que continente e estado se sitúan os feitos descritos?

2ª. Cales son as razóns de que esas persoas están nun campo de refuxiados?

3ª. Describe a situación desas persoas nese campo e compáraa coa das persoas sirias refuxiadas da guerra no seu país. Presenta unhas conclusións nas que valores, tamén, a facilidade ou dificultade para conseguir información contrastada sobre ambos colectivos.